



O Consello Galego da Competencia incoa expediente sancionador contra a Unión Temporal de Empresas “UTE-TANATORIO MUNICIPAL DE VALGA” por posible prácticas restrictivas da competencia.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2011. A Subdirección Xeral de Investigación do Consello Galego da Competencia (CGC) incoou expediente sancionador contra a Unión Temporal de Empresas “UTE-TANATORIO MUNICIPAL DE VALGA”, formada polas empresas “Pompas Fúnebres de Padrón, S.A” e “Ambulancias Iria Flavia, S.L” , pola presunta realización de prácticas anticompetitivas das prohibidas pola Lei 15/2007, do 3 de xullo, consistentes na negativa da concesionaria a permitir o acceso e uso das salas do Tanatorio municipal de Valga a outras empresas de servizos funerarios.

O presente expediente ten orixe nunha denuncia presentada pola Asociación de Empresarios de Pompas Fúnebres da provincia de Pontevedra contra a UTE e contra o Concello de Valga por unha posible infracción da normativa de competencia.

A incoación do presente expediente non prexulga o resultado final da investigación. Ábrese agora un período máximo de 18 meses para a instrucción do expediente e para a súa resolución polo CGC.